

b) No caso de falta do dato de produción de leite, esta calcularase como:

1.º A media entre as producións do control anterior e o posterior, ou

2.º Cando o dato faltante de quilogramos de leite se produza no primeiro control, considerarase que o control non se realizou.

c) Se o dato faltante é o correspondente ás porcentaxes de graxa, proteína e extracto seco, considerarase que a porcentaxe de graxa, proteína ou extracto seco faltante é igual:

1.º Á media resultante dos controis anterior e posterior.

2.º De se tratar do primeiro control, estes serán iguais á media resultante dos dous controis posteriores.

d) Deberase indicar a causa pola cal se producen os datos faltantes, mediante a seguinte codificación:

Código	Causa
1	Datos produtivos fóra de rango.
2	Datos de analítica faltante.
3	Enfermidade.
4	Accidente.
5	Animal baixo tratamento ou en celo.
6	Catástrofe ou outros.

e) A lactación secarase cando a produción diaria sexa inferior a 500 mililitros. Este límite redúcese a 200 mililitros no caso de explotacións en réxime extensivo e de razas con esquemas de selección de dobre aptitude carne-leite.

f) Para que a unha cabra se lle adxudiquen datos de produción debe ter parido e non figurar como cabra seca.

3.1.6 Filtros aplicados á analítica de control:

a) Débese comprobar se todo animal con datos de cantidade de leite posúe datos de analítica para que, en caso de non os ter, introducir a información da causa ou introducir o cálculo do dato que correspondería nese caso.

b) Os límites impostos aos resultados da analítica son os reflectidos no punto 3.1.5.a)

3.1.7 Filtros aplicados ás datas de nacemento:

A data de nacemento debe ser anterior á data en curso.

3.2 Cálculo de producións: o centro autonómico de control leiteiro calculará as lactacións finalizadas mediante o método de interpolación ou, no seu defecto, algún dos métodos aprobados polo ICAR, de acordo coa organización ou asociación a que van destinados os datos. Calculará as seguintes producións de leite, graxa e proteína nas lactacións finalizadas:

3.2.1 Lactación natural: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu no transcurso de toda a lactación do animal, é dicir, desde o parto ata o secado.

3.2.2 Lactación normalizada a 210 días, ou a 240 días, ou a 270 días ou a 300 días en femias de segundo parto e sucesivos: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu desde o día do parto ata os días 210, 240, 270 ou 300 de lactación, respectivamente.

3.2.3 Lactación normalizada a 150 días en femias de primeiro parto: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu desde o día do parto ata o día 150 de lactación.

3.2.4 Lactación normalizada a graxa e proteína constantes: en canto á composición do leite, as lactacións normalizaranse ás seguintes porcentaxes:

Graxa: 4 por cento.

Proteína: 3,2 por cento.

4. Organizacións ou asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos.

Para o cumprimento do articulado deste anexo, as organizacións ou asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos aplicarán, polo menos, os seguintes criterios aos datos que lles envíen os centros autonómicos de control leiteiro:

a) A lactación debe ter unha duración igual ou superior a 150 días en femias de primeiro parto e 210 en femias de segundo parto ou sucesivos.

b) O número máximo admisible de controis faltantes na lactación válida é de un.

ANEXO V

Subvencións aplicables

O importe máximo da subvención por cada lactación finalizada e válida, segundo están definidas no artigo 2, que se poderá aplicar en concepto de control leiteiro oficial con cargo aos orzamentos xerais do Estado será, para cada especie prevista neste real decreto, o seguinte:

Bovino: 10 euros.

Ovino: 5 euros.

Caprino: 5 euros.

XEFATURA DO ESTADO

6654 *REAL DECRETO LEI 7/2005, do 22 de abril, polo que se modifica a Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, en materia de financiamento da formación continua.* («BOE» 99, do 26-4-2005.)

A Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, regula na súa disposición adicional vixésimo sexta o financiamento da formación continua, en cuxo punto 3 establece as porcentaxes de bonificación que as empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional se poderán aplicar, durante o exercicio 2005, para o desenvolvemento de accións de formación continua para os seus traballadores. Estas porcentaxes son as mesmas que se estableceron na Lei 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004.

No momento en que a citada disposición adicional vixésimo sexta se incorporou ao proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, aínda se descoñecía a evolución que podería experimentar o sistema de bonificacións acabado de implantar para a formación continua. A información dispoñible actualmente sobre o número de empresas que se incorporou ao sistema de bonificacións aconsella que, coa maior urxencia, se revisen as citadas porcentaxes de bonificación, procedendo, ao mesmo tempo, a unha reordenación do

gasto público, que permitirá incrementar o financiamento da xestión polas comunidades autónomas da formación continua, nos termos establecidos no punto 2 da citada disposición adicional vixésimo sexta. Desta forma, malia este real decreto lei non introducir cambios na regulación da formación continua, terá como efecto ampliar a actuación das comunidades autónomas na xestión da formación profesional.

Por outra parte, detectouse a necesidade de pór en marcha, o antes posible, un programa experimental dirixido a garantir o desenvolvemento eficaz dos plans de formación continua amparados na negociación colectiva sectorial. Para iso, abrirase unha liña de financiamento para a dotación de centros de formación, en función das necesidades de adaptación aos cambios nas tecnoloxías de produción de bens ou prestación de servizos e aos avances nos modos de división e organización do traballo.

Finalmente, resulta necesaria a modificación do anexo II, «Créditos ampliables», da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, no referente ao recoñecemento como ampliable do crédito relativo ao financiamento das bonificacións, para lles dar resposta aos acordos que se poidan alcanzar no diálogo social sobre reforma de mercado de traballo e que poden afectar a configuración das medidas de fomento do emprego. Igualmente, resulta necesario adoptar esta medida para o financiamento de determinados programas de bonificacións, como os relativos á celebración da Copa do América e á aplicación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que pola súa recente implantación poden provocar a necesidade de axustes ao longo deste exercicio.

O carácter estratéxico que a formación profesional continua desempeña na mellora da empregabilidade dos traballadores e no impulso da produtividade, así como o léxítimo interese empresarial en poder efectuar unha valoración da evolución de custos ao longo do exercicio para planificar as súas actividades formativas, cuestión fortemente influída polo marco legal de apoios públicos, aconsellan, como o solicitaron os interlocutores sociais na Mesa de Diálogo Social sobre Formación Continua, que con carácter urxente e extraordinario se adopten as medidas sinaladas.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Economía e Facenda e de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de abril de 2005,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005.*

A Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto tres da disposición adicional vixésimo sexta queda redactado do seguinte modo:

«Tres. As empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional disporán dun crédito para o desenvolvemento das accións de formación continua reguladas no capítulo II do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o sub-

sistema de formación profesional continua, que resultará de lle aplicar á contía ingresada pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano 2004 a porcentaxe de bonificación que, en función do tamaño das empresas, se establece a continuación:

- a) Empresas de seis a nove traballadores: 100 por cento.
- b) De 10 a 49 traballadores: 75 por cento.
- c) De 50 a 249 traballadores: 60 por cento.
- d) De 250 ou máis traballadores: 50 por cento.

As empresas dun a cinco traballadores disporán dun crédito de bonificación por empresa de 420 euros, en lugar dunha porcentaxe, nos termos que establece o artigo 11 da Orde TAS/500/2004, do 13 de febreiro, pola que se regula o financiamento das accións de formación continua das empresas, incluídos os permisos individuais de formación, en desenvolvemento do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua.

Así mesmo, poderanse beneficiar dun crédito de formación, nos termos establecidos na citada normativa, as empresas que durante o ano 2005 abran novos centros de traballo e as empresas de nova creación. Nestes supostos, cando a determinación do crédito se deba realizar aplicando a bonificación media por traballador, tomarase como referencia para o ano 2005 unha bonificación media de 65 euros.

As empresas que concedan permisos individuais de formación para os seus traballadores, disporán dun crédito adicional de ata un cinco por cento respecto do seu crédito anual para a formación continua.

Durante o exercicio 2005, a obriga das empresas de comunicar a listaxe de traballadores participantes nas accións de formación continua acollidas a este sistema de bonificacións entenderase cumprida coa comunicación da citada listaxe antes do comezo da correspondente acción formativa ou grupo.»

Dous. Engádeselle un novo punto catro á disposición adicional vixésimo sexta, coa seguinte redacción:

«Catro. Para atender con eficacia os plans de formación continua subscritos ao abeiro da negociación colectiva sectorial, a través dos cales se lles dá cobertura ás necesidades de formación demandadas polos distintos sectores produtivos, o Servizo Público de Emprego Estatal poderá regular o establecemento de subvencións de capital, ata unha contía máxima de seis millóns de euros, no marco dun programa experimental para a dotación e equipamento dos centros de formación profesional en función das necesidades de adaptación aos cambios nas tecnoloxías de produción de bens ou prestación de servizos e aos avances nos modos de división e organización do traballo.»

Tres. Engádesse unha nova alínea c) no punto segundo.seis do anexo II, coa seguinte redacción:

«c) O crédito 19.101.241-A.487.03 destinado ao financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social acollidas a medidas de fomento de emprego por contratación laboral.»

Disposición transitoria única. *Aplicación das porcentaxes de bonificación previstas no punto tres da disposición adicional vixésimo sexta da Lei 2/2004, do 27 de decembro.*

As porcentaxes de bonificación establecidas no punto tres da disposición adicional vixésimo sexta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, segundo a redacción dada por este real decreto lei, serán de aplicación con efectos do 1 de xaneiro de 2005.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6659 *REAL DECRETO 449/2005, do 22 de abril, polo que se modifica o Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo. («BOE» 99, do 26-4-2005.)*

A Constitución española define no seu artigo 107 o Consello de Estado como «supremo órgano consultivo do Goberno» e a continuación prescribe que «unha lei orgánica regulará a súa composición e competencia». En cumprimento deste precepto constitucional foi aprobada a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado. Esta lei acomodou a regulación do Consello de Estado á nova orde constitucional e o seu principal obxectivo foi garantir o correcto exercicio da función consultiva «con obxectividade e independencia de acordo coa Constitución e as leis».

A Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, reconece na súa exposición de motivos que o Consello de Estado tivo un papel determinante na garantía da calidade, a técnica e o rigor da actuación do Executivo, levando a cabo un labor capital na defensa do Estado de dereito.

Co ánimo de enriquecer e potenciar tan relevante función consultiva, a citada lei orgánica introduciu diversas modificacións que acrecentarán a análise atenta e a reflexión prudente da institución. Tales modificacións refírense fundamentalmente á incorporación ao Consello de Estado dos ex presidentes do Goberno e á creación dunha Comisión de Estudos á cal se lle atribúen as funcións de elaborar os estudos, informes e memorias que o Goberno lle encargue o que acorde o presidente do Consello de Estado, así como a elevación ao Pleno das propostas lexislativas e de reforma constitucional que o Goberno lle encomende.

Pola súa vez, a citada Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, leva a cabo, entre outras modificacións, unha

revisión das competencias da institución para adaptalas ao actual marco legal, actualiza as denominacións de certos cargos e modifica o título necesario para concorrer ás oposicións ao corpo de letrados do Consello de Estado, precisando que deberá ser o de licenciado en dereito.

Tales reformas requiren unha modificación de diversos preceptos do Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo, amparada pola disposición derradeira terceira da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, e polas habilitacións específicas contidas na Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do Consello de Estado, tramitada por conduto da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de abril de 2005,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo.*

O Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 1 («Carácter, autonomía, precedencia, sede e tratamento»), que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Exerce a función consultiva con autonomía orgánica e funcional para garantir a súa obxectividade e independencia de acordo coa Constitución e as leis. A súa organización, funcionamento e réxime interior rexeranse polo disposto na súa lei orgánica e neste regulamento.»

Dous. Modifícase o artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Funcións.*

1. O Consello de Estado emitirá ditame en cantos asuntos sometan á súa consulta o Goberno ou os seus membros ou as comunidades autónomas por conduto dos seus presidentes.

2. O Consello de Estado realizará en por si ou dirixirá a realización dos estudos, informes ou memorias que o Goberno lle solicite ou que o propio Consello xulgue oportuno para o mellor desempeño das súas funcións.

3. O Consello de Estado elaborará as propostas lexislativas o de reforma constitucional que o Goberno lle encomende. Na elaboración das propostas atenderá os obxectivos, criterios e límites sinalados polo Goberno, e poderá formular tamén as observacións que coide pertinentes acerca deles.»

Tres. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Constitucionalidade, legalidade e oportunidade.*

1. No exercicio das súas funcións, o Consello de Estado velará pola observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.